

III CONVOCATORIA DIVULGANDO O NOSO

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña (UDC), co fin de contribuír á difusión dos resultados de investigación do seu persoal investigador publica, as bases da III edición da Convocatoria *Divulgando o noso*.

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é colaborar co persoal investigador da UDC para trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografías científicas que poidan expoñerse en instalacións da universidade, nas súas redes sociais e coa posibilidade tamén da súa difusión noutros medios en colaboración con outras institucións como concellos, museos etc.

Trátase de lle achegar ao público a ciencia do noso tecido investigador que pode existir detrás de fenómenos ou obxectos cotiáns, das ferramentas tecnolóxicas que se usan diariamente etc. que sexa de interese para a cidadanía e a sociedade actual.

Esta iniciativa contribuirá a mellorar a cultura científica, técnica e innovadora da sociedade e a percepción que a cidadanía teña do labor de investigación que se realiza na UDC.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias poden ser calquera persoa investigadora da UDC (persoal docente e investigador ou persoal investigador como figuras predoutorais, posdoutorais etc.) que participe ou promova accións que contribúan a fomentar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora na sociedade.

3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. As persoas beneficiarias deberán de colaborar coa unidade na proposta para o deseño e elaboración da infografía (xuntanzas co equipo de deseño e creativo, supervisar a realización do seu traballo e analizar o resultado final), colaborar na xestión para a súa difusión (asistir a presentacións, se é o caso etc.), así como na organización doutras actividades paralelas que se poidan demandar como obradoiros, charlas etc.
2. Tamén deben proporcionar toda a documentación necesaria e detallada que se require na solicitude da proposta desta convocatoria ou outras demandadas durante o proceso de elaboración.
3. As persoas solicitantes deberán ter dispoñibilidade e un compromiso para estas tarefas durante o mes de abril, maio, xuño e setembro onde se poderá demandar a súa colaboración tanto para o deseño como para outras actividades asociadas a esta actividade que poidan xurdir polas entidades colaboradoras se son demandadas. A falta destes compromisos e responsabilidades pode repercutir na desistencia da solicitude.

4. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE

1. A unidade asumirá o gasto para a contratación do persoal que deseñe a infografía demandada.
2. A participación das persoas investigadoras será recoñecida explicitamente nos materiais que se presenten ao público e obterá unha certificación da súa participación.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. A presentación das solicitudes realizarase conforme as instrucións e modelos establecidos na convocatoria (ANEXO I: formulario de solicitude).
As persoas participantes deberán subir o ANEXO I neste espazo compartido: [DIVULGANDO O NOSO](https://udcgal-my.sharepoint.com/:f:/g/personal/y_golias_udc_es/EI_X2EyCAPBK3ZJ9av0VMoBTaGgBNuhHCsYl5RZs-NJIQ?e=pV6jx9). (De non funcionar o link, pegue a seguinte dirección no seu navegador para acceder ao espazo compartido: https://udcgal-my.sharepoint.com/:f:/g/personal/y_golias_udc_es/EI_X2EyCAPBK3ZJ9av0VMoBTaGgBNuhHCsYl5RZs-NJIQ?e=pV6jx9).
2. Unha vez feito isto, deben presentar unha solicitude en que informen da súa petición para participar nesta convocatoria, dirixida á **Sección de Extensión Universitaria**, preferentemente no [Rexistro Electrónico da UDC](https://sede.udc.gal/services/telematic_register) (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Mestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña (A Zapateira-Elviña, Local n.º1 (baixo) da Facultade de Ciencias, campus da Zapateira) ou do campus de Ferrol (rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. As solicitudes presentaranse polo persoal investigador da UDC.
4. O prazo comezará o día seguinte á data de publicación da convocatoria na Sede Electrónica da UDC **ata as 14:00 horas do día 17 de xaneiro de 2025**.
5. Unha solicitude non será completa se non se cumpren os dous trámites anteriores (ANEXO I no espazo [DIVULGANDO O NOSO](https://udcgal-my.sharepoint.com/:f:/g/personal/y_golias_udc_es/EI_X2EyCAPBK3ZJ9av0VMoBTaGgBNuhHCsYl5RZs-NJIQ?e=pV6jx9) e solicitude vía rexistro).
6. As solicitudes presentadas polo persoal investigador da UDC serán enviadas á Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) para promover a transferencia da oferta científico-técnica universitaria ao sector produtivo.

6. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

1. O procedemento de avaliación das solicitudes realizarase nunha única fase, logo de que as persoas solicitantes acheguen a información necesaria para avaliar a proposta conforme os requisitos da convocatoria.
2. A avaliación da solicitude realizarase por unha comisión de avaliación, mediante a comparación das solicitudes segundo os criterios establecidos.
3. A Comisión de Avaliación estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta:

M.^a Cristina Naya Riveiro, vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte da UDC ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Eva Montenegro Piñeiro, técnica de Difusión e Sostibilidade do Museo Nacional de Ciencia (MUNCYT).

Patricia Barciela Durán, directora da DOMUS, Museos Científicos Coruñeses.

Secretaria:

Yolanda Gólfas Pérez, coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural.

4. A Comisión de Avaliación poderá contar co asesoramento técnico que precise para a avaliación das solicitudes.
5. Quedarán excluídas da avaliación as solicitudes que non se axusten aos obxectivos xerais da convocatoria.
6. A decisión da comisión de avaliación é inapelable.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Os criterios de valoración das solicitudes son:

- a) Interese da proposta para a cidadanía.
- b) Beneficio para a vida cotiá.
- c) Promoción da inclusión, sostemento dos recursos etc.
- d) Claridade no obxectivo e na descrición da proposta.
- e) Viabilidade do deseño.



- f) A interdisciplinaridade da proposta: conexión entre as ciencias experimentais, as humanidades e as ciencias sociais.
- g) Introducción da perspectiva de xénero.
- h) Utilización da lingua galega na documentación presentada.
- i) Prioridade das solicitudes de persoas investigadoras que non foron seleccionadas na edición anterior.

8. RESOLUCIÓN

A unidade, á vista do informe da Comisión de Avaliación, publicará na Sede Electrónica da UDC as solicitudes seleccionadas.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:



- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado “Outros trámites”;
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, na data do selo electrónico.

A vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deportes

M.^a Cristina Naya Riveiro



ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

Nome e apelidos da persoa solicitante:

Correo electrónico:

Número de teléfono de contacto (móbil):

- Título da proposta para a infografía (procurarase que sexa atractivo e que transmita a esencia da infografía nun máximo de 5 palabras).
- Obxectivo que tenta conseguir a infografía (concrétese):
- Interese para a cidadanía (nun máximo de 150 palabras).
- Proposta inicial para o deseño da infografía (que inclúa a descrición que debería representar a infografía, tanto o seu texto como a proposta de imaxes nun máximo de 250 palabras. Non se trata de facer un deseño previo da infografía, senón a mensaxe ou idea(s) clave(s) que se pretende chegar ao público).